

**TEMPO DE ADVENTO**



# DOMINGO I DE ADVENTO

3.-

## PRIMEIRA LECTURA

**Farei abrollar na casa de David un xermolo de xustiza**

Lectura do libro do profeta Xeremías 33, 14-16

«Velaquí os días —é o Señor quen fala—  
nos que cumprirei a promesa  
que lles fixen á casa de Israel e á casa de Xudá.  
Nos días aqueles e no intre aquel  
farei abrollar de David un xermolo lexítimo,  
que practicará o dereito e a xustiza no país.  
Nos días aqueles salvarase Xudá,  
e Xerusalén descansará na seguridade,  
e este lugar chamarase: “¡Señor, nosa xustiza!”.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 24, 4bc-5ab. 8-9. 10 e 14 (R.: 1b)**

**R.:** A Ti, Señor, elevo a miña alma.

Amósame, Señor, os teus camiños,  
ensíname os teus sendeiros,  
diríxeme na túa verdade, apréndeme,  
que ti e-lo meu Deus salvador. **R.**

O Señor é bo e recto,  
por iso lles ensina o camiño ós pecadores;  
El dirixe na xustiza os humildes,  
e amósalle-lo seu camiño ós pobres. **R.**

Os camiños do Señor son todos misericordia e lealdade,  
para os que gardan a súa alianza e os seus preceptos.  
É grande a confianza do Señor cos que o temen,  
e maniféstalle-la súa alianza. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

**Que o Señor afinque os vossos corazóns cando veña o Cristo**

Lectura da primeira carta do apóstolo san Paulo ós Tesalonicenses  
3, 12—4, 2

Irmáns:

Que o Señor vos faga medrar no amor duns cos outros e con todos, ata rebordar, como nos pasa a nós respecto de vós. Que El afinque os vossos corazóns nunha santidade sen falla diante de Deus, noso Pai, cando veña o noso Señor Xesús con tódolos seus santos.

Polo demais, irmáns, pedímosvos con insistencia como cristiáns que, xa que aprendestes de nós como cómpre andar para contentalo Señor, que sigades así e que progresedes aínda máis.

Porque ben sabedes que instrucións vos temos dado de parte do Señor Xesús.

Palabra do Señor.

**Aleluia Sal 84, 8**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Amósanos, Señor, a túa misericordia,  
e dáno-la túa salvación.

Aleluia.

## EVANXEO

**Está a chegar xa a vosa salvación**

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 21, 25-28. 34-36

Naquel tempo, díxoles Xesús ós seus discípulos:

—«Haberá sinais no sol, na lúa e nas estrelas; e na terra as nacións tremerán coa angustia diante do bruar do mar e das ondas; os homes morrerán cheos de medo e de desacougo, polo que virá enriba do mundo, pois mesmo os astros abalarán. Entón verán o Fillo do Home vir sobre unha nube con grande poder e gloria.

Pero cando empece a suceder todo isto, poñédevos de pé e erguede ben a cabeza, porque chega o día da vosa liberación.

Tende conta de vós mesmos; non sexa que vos atordoedes na borracheira, na libertinaxe e nas preocupacións da vida, e de súpeto caia sobre vós aquel día; porque caerá como un lazo sobre tódolos que habitan a terra. Vós vixiade sempre, e pregade para que poidades escapar de todo o que está por vir, e comparecer así seguros diante do Fillo do Home.»

Palabra do Señor.

# DOMINGO II DE ADVENTO

6.-

## PRIMEIRA LECTURA

### Deus vai mostra-lo teu esplendor

Lectura do libro do profeta Baruc 5, 1-9

Xerusalén, quita o vestido da túa dor e da túa desgracia,  
e viste para sempre o esplendor da gloria que vén de Deus.  
Envólvetes no manto glorioso da xustiza que vén de Deus:  
pon na túa cabeza o diadema da gloria do Eterno.  
Deus vai mostra-lo teu esplendor a toda cidade baixo o ceo,  
pois Deus fará que o teu nome sexa para sempre  
«paz da Xustiza e Gloria da Piedade diante de Deus».

Ponte de pé, Xerusalén, ponte de pé no alto,  
e mira cara ó nacente,  
olla os teus fillos reunidos pola palabra do Santo,  
alegres pola lembranza do Señor  
desde o poñente ata o nacente.

Saíron de onda ti,  
levados a pé polos inimigos,  
pero Deus devólvechos en andas de gloria,  
coma un trono de realeza.

Pois mandou o Señor que se rebaixasen  
os montes altos e os vellos outeiros  
e que os barrancos se enchesen volvéndose chairas,  
para que Israel camiñe con paso seguro,  
guiado pola gloria de Deus;  
e por orde de Deus as árbores do bosque  
e as plantas recedentes  
déronlle sombra a Israel.

Si, Deus conducirá a Israel con alegría á luz da súa gloria,  
coa misericordia e a xustiza que están con El.

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Sal 125, 1-2ab. 2cd-3. 4-5. 6 (R.: 3)

**R.:** O Señor fai connosco cousas grandes, estamos cheos de alegría.

Cando o Señor cambiou a sorte de Sión,  
parecíanos un soño.

A boca enchéusenos de risos,  
a lingua de cantares. **R.**

Daquela dicían os pagáns:

«O Señor fixo con eles cousas grandes.»

O Señor fixo connosco cousas grandes,  
estamos cheos de alegría. **R.**

Cambia, Señor, a nosa sorte,  
coma os regatos no deserto.

Os que sementan entre bágoas,  
recollen entre cantares. **R.**

Cando van, van chorando  
os que levan a semente.

Ó viren, veñen cantando  
os que traen os seus monllos. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

**Sede sinceros e permanecedes sen pecado para o día de Cristo**

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Filipenses 1, 4-6. 8-11

Irmáns:

Sempre que rezo por vós, fágoos con alegría, pola parte que vides tomando na difusión do Evanxeo desde o primeiro día ata hoxe. Eu confío en que o que encetou en vós un traballo bo, halle de ir dando cabo de aquí ó día de Cristo Xesús.

¡Ben sabe Deus con que morriña cristiá vos boto a faltar aquí! E na miña oración pido que o voso amor reborde de coñecemento e de sensibilidade para todo: así poderedes acertar co mellor para chegardes enxebres e sen chata ó día de Cristo Xesús, e cheos do froito da xustiza que se consegue por medio de Xesús Cristo para gloria e loanza de Deus.

Palabra do Señor.

Aleluia Lc 3, 4. 6

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

Preparade os camiños do Señor,  
endereitade os seus carreiros;  
todos verán a salvación de Deus.  
Aleluia.

EVANXEO

Todos verán a salvación de Deus

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 3, 1-6

No ano quince do reinado do emperador Tiberio César, sendo Poncio Pilato gobernador de Xudea e Herodes tetrarca de Galilea; sendo Filipo, o seu irmán, tetrarca de Iturea e mais da Traconítide, e Lisantias, tetrarca de Abilene: durante o pontificado de Anás e Caifás, chegoulle a Palabra de Deus a Xoán, fillo de Zacarías, no deserto.

Entón el percorreu toda a rexión do Xordán, pregoando un bautismo de conversión, para acada-lo perdón dos pecados, conforme está escrito no libro do profeta Isaías:

«Unha voz chama no deserto:  
Preparade os camiños do Señor,  
reparade os seus vieiros.  
Toda barranqueira se cubrirá,  
todo monte e outeiro se rebaixará,  
os camiños tortos hanse endereitar  
e os fragosos hanse achanzar.  
E todos verán a salvación de Deus.»

Palabra do Señor.



# DOMINGO III DE ADVENTO

9.-

## PRIMEIRA LECTURA

### O Señor alegrouse por ti na loanza

Lectura do libro do profeta Sofonías 3, 14-18a

Exulta, filla de Sión; berra lediciosa, Israel,  
alégrate e relouca con todo o corazón, filla de Xerusalén.  
O Señor retirou o teu castigo, botou para atrás os teus inimigos.  
O Señor será o rei de Israel no medio de ti,  
non volverás ter medo da desgracia.  
No día aquel diráselle a Xerusalén:  
«Non teñas medo, Sión, que as túas mans non afrouxen.  
O Señor, o teu Deus, está no medio de ti, é un heroe que salva.  
El salta de alegría por ti, engádate co seu amor,  
dá brincos de alegría por ti.  
Eu arredeite da asemblea festiva; retirei de ti o seu ¡Ai!»

Palabra do Señor.

Salmo responsorial Is 12, 2-3. 4bcd. 5-6 (R.: 6)

R.: Que grande é no medio de ti o Santo de Israel.

Deus é a miña salvación,  
procederei confiadamente e non terei medo.  
A miña forza e o meu cántico é o Señor,  
el é a miña salvación.  
Sacaredes auga con gozo das fontes de salvación. R.

Dádelle gracias ó Señor e invocate o seu nome.  
Pregoad e entre os pobos os seus feitos,  
proclamade que o seu nome é grande. R.

Cantádelle ó Señor,  
que fixo cousas magníficas,  
anunciádeas en toda a terra.  
Clamade con gozo e ledicia, habitantes de Sión:  
«Que grande é no medio de ti o Santo de Israel.» R.

## SEGUNDA LECTURA

### O Señor está cerca

Lectura da carta do apóstolo san Paulo ós Filipenses 4, 4-7

Irmáns:

Estade sempre alegres no Señor. Repítovolo: estade alegres. Que todo o mundo aprecie a vosa xentileza. O Señor está a chegar.

Non desacouguedes por cousa ningunha. En todo presentádelle a Deus as vosas peticións con oracións de súplica e acción de grazas.

E a paz de Deus, superior a todo o imaxinable, custodiará os vosos corazóns e os vosos pensamentos en Cristo Xesús.

Palabra do Señor.

Aleluia Is 61, 1 (cit. en Lc 4, 18)

Se non se canta, pódese omitir.

Aleluia, aleluia.

O Espírito do Señor está sobre min:  
mandoume anuncia-la boa nova ós pobres.  
Aleluia.

## EVANXEO

### ¿E nós que temos que facer?

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 3, 10-18

Naquel tempo, a xente preguntáballe a Xoán:  
—«¿E logo, que temos que facer?»

El respondíalles:

—«O que teña dúas túnicas, que as reparta con quen non teña ningunha; e que faga o mesmo o que teña que comer.»

Foron tamén uns recadadores a se bautizar, e preguntáronlle:

—«Mestre, ¿que temos que facer?»

El contestoulles:

—«Non esixades nada máis do que vos está mandado.»

Tamén uns soldados lle preguntaron:

—«E nós, ¿que temos que facer?»

El contestoulles:

—«Non asoballedes nin saqueedes a ninguén, e contentádevos coas vosas pagas.»

Como o pobo estaba esperando polo Mesías, empezaba a pensar se acaso non o sería Xoán; pero el declarou diante de todos:

—«Eu bautízovos con auga, pero está a chegar o que é máis forte ca min, e a quen eu non son digno de lle desata-los amallós do seu calzado. El havos bautizar con Espírito Santo e con lume. Porque trae a forcada na man, para limpa-la súa eira e recoller na hucha o seu trigo; pero a palla ha de a queimar no lume que nunca se apaga.»

Con esta e outras moitas exhortacións anunciáballe a Boa Nova á xente.

Palabra do Señor.

# DOMINGO IV DE ADVENTO

12.-

## PRIMEIRA LECTURA

**De ti sairá quen domine a Israel**

Lectura do libro do profeta Miqueas 5, 1-4a

Isto di o Señor:

«E ti, Belén de Efratah, tan pequeniña entre as familias de Xudá,  
de ti vai saír un que será o soberano de Israel;  
a súa orixe é desde antigo, desde os días do comezo.

El seranos conservado para sempre,  
mentres haxa muller que dea a luz;  
o resto dos seus irmáns volverá,  
e serán devoltos os fillos de Israel.

Manterase firme e pastoreará co poder do Señor,  
coa gloria do nome do Señor, o seu Deus,  
e cando se instalen ata o mesmo cabo da terra,  
estenderá a súa grandeza:  
“o da Paz” será o seu nome.»

Palabra do Señor.

**Salmo responsorial Sal 79, 2ac e 3b. 15-16. 18-19 (R.: 4)**

**R.:** Restáuranos, Deus; que brille o teu rostro e seremos salvos.

Escoita, pastor de Israel,  
ti que sentas sobre os querubíns,  
esperta o teu poder e ven salvarnos. **R.**

Vólvete, Deus dos exércitos,  
olla desde o ceo e fíxate,  
ven visita-la túa viña,  
a videira que plantaches coa túa man,  
o bacelo que ti fortaleciches. **R.**

Que a túa man protexa o teu elixido,  
o home que ti fortaleciches.  
Non nos afastaremos máis de ti;  
dános vida de novo, e invocarémo-lo teu nome. **R.**

## SEGUNDA LECTURA

### Velaquí veño para face-la túa vontade

Lectura da carta ós Hebreos 10, 5-10

Irmáns:

Cando Cristo entra no mundo, di:

«Sacrificio e ofrenda non os quixeches,  
pero formáchesme un corpo;  
os holocaustos e os sacrificios de expiación  
non che gustaron; entón dixeron:  
“Velaquí que vin, meu Deus,  
para face-la túa vontade”,  
como se di de min nun capítulo do libro.»

Di no comezo:

«Sacrificios, ofrendas, holocaustos e vítimas de expiación, nin os quixeches nin che gustaron» (todos eles ofrécese segundo a Lei); e di despois: «Velaquí que vin para face-la túa vontade.»

Desbota o primeiro para afirma-lo segundo. E por esta vontade de Deus quedamos santificados dunha vez por todas coa ofrenda do corpo de Xesús Cristo.

Palabra do Señor.

**Aleluia Lc 1, 38**

*Se non se canta, pódese omitir.*

Aleluia, aleluia.

Velaquí a escrava do Señor,  
cúmprase en min o que dixeches.  
Aleluia.

## EVANXEO

### ¿Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor?

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Lucas 1, 39-45

Naqueles mesmos días, saíu María con moita présa camiño da montaña, a unha cidade de Xudá. Entrou na casa de Zacarías e saudou a Isabel. E en oíndo Isabel o saúdo de María, o neno brincoulle no ventre, e Isabel quedou chea de Espírito Santo e exclamou a grandes voces:

—«¡Bendita ti entre as mulleres, e bendito o froito do teu ventre! ¿Quen son eu para que me visite a nai do meu Señor? Pois ó que chegou o teu saúdo ós meus oídos, o neno brincou de alegría no meu ventre. Ditosa aquela que creu, pois hase cumprir canto lle anunciaron de parte do Señor.»

Palabra do Señor.